



SESION ORDINARIA DE 26 DE DECEMBRO DE 2023

(Acta número 12)

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as Deputados/as:**

- D. Efrén Castro Caloto
- D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez
- D. Miguel Fernández Méndez
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. Iván Castro Díaz
- D. Daniel García Fernández
- D. Antonio Ameijide Osorio
- D<sup>a</sup>. Carmen José López Rodríguez
- D. José Pardo Lombao
- D. Francisco Javier Balado Teijeiro
- D. José Angel Santos Sánchez
- D. Jesús Manuel Núñez Díaz
- D<sup>a</sup> Iria Castro Fernández
- D. Carlos López López
- D. Javier Varela Pérez
- D. Armando Castosa Alvareño
- D<sup>a</sup>. María Sol Morandeira Morandeira
- D. Francisco Cajoto Caserío
- D. José Demetrio Salgueiro Rapa
- D. José María Fernández Vázquez
- D. Clemente Iglesias González
- D. Luis Fernández Guitián

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e seis de decembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D<sup>a</sup>. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Gloria Baamonde Tomé

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	<b>Página</b>	1/25



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e tres e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=1>

**PARTE RESOLUTIVA**

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E ANEXOS DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“I.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu art. 36 ( parágrafo 1º) establece que: “1. Son competencias propias da Deputación as que lles atribúan, nese concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso:

a. A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e axeitada a que se refire o apartado a do número 2 do artigo 3l.


b. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.”

E no parágrafo segundo, concreta: “2. Aos efectos do disposto nos parágrafos a e b do número anterior, a Deputación:

a. Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, na elaboración da cal deben participar os municipios da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que atoparase o análises dos custes efectivos dos servizos dos concellos, poderá financiarse con medios propios da Deputación ou entidade equivalente, as achegas municipais e as subvencións que acorden a Comunidade Autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos presupostos ...”

II.- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no artigo 110 tamén prevé que as deputacións aproben anualmente un plan provincial de

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ</a>	Página	2/25





cooperación as obras e servizos de competencia municipal, garantindo a participación dos Concellos na súa elaboración.

III.- O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes sobre réxime local, no artigo 32, prevé que para o desenvolvemento da cooperación, as Deputacións, coa participación dos Concellos, redactarán os plans provinciais previstos no Art. 36 da LBRL, fixando na tramitación deses plans un trámite de información pública, mediante anuncio no BOP, polo prazo de dez días.

IV.- Tendo en conta devandita normativa, o equipo de Goberno ten a vontade de elaboración dun Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, que vai máis aló das obras e servizos tradicionais e incorpora servizos demandados polos veciños, como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e outros; e programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro: eixes básicos do plan, aínda que cada Concello no exercicio da autonomía a apegados á súa realidade, concrete as accións a desenvolver.

A xustificación de obxectivos, criterios de distribución, obxectividade, transparencia, e participación dos municipios quedan reflectidas nas bases elaboradas e que se someten a aprobación do pleno.

V.- A Deputación provincial trata así de dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada Concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en qué e cómo gastar) mediante a ampliación e flexibilizando o seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais, coñecendo os fondos de que dispoñen para un período de tempo razoable de xestión e execución.

VI.- O Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, no que atinxe aos instrumentos de cooperación con municipios, na medida en que a mesma pasa a concentrarse, basicamente, nun Plan que se distribúe territorialmente con criterios obxectivos, reducindo a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundando deste modo na equidade, obxectividade e transparencia nas políticas e actividade de cooperación cos concellos.

VII.- Nas bases téñense en consideración aquelas recomendacións do Consello de Contas de Galicia emitidas no Informe de fiscalización sobre os criterios de reparto de recursos entre Concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia do gasto,

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	<b>Página</b>	3/25



incluíndo por parte desta Deputación aquelas que considera axeitadas e realiza a incorporación das mesmas nas Bases do plan.

VIII.- Xunto co anterior, preténdese unha racionalización, simplificación e redución dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención e convenios; de tal maneira que a colaboración financeira da Deputación cos concellos queda basicamente concentrada neste Plan Deputación de Cooperación cos Concellos.

Xa que logo, este plan potencia a autonomía e responsabilidade dos Concellos, mostrando o papel colaborador dos gobernos intermedios, como as Deputacións Provinciais; e mostra a convicción de que a cooperación entre administracións e a canle para satisfacer as necesidades dos veciños da Provincia, en accións de gobernanza deseñadas e aplicadas pensando nas persoas.

Son 21.750.000,00 euros para Lugo e os seus habitantes, repartidos por todo o territorio, co obxectivo final de mellorar a economía real, a actividade socioeconómica e calidade de vida.

Por todo o exposto, por esta Presidencia, previo informes dos servizos, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases do Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2024 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.


**2º.-** Ordenar que se publiquen as Bases do Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2024 e anexos no BOP, na páxina Web da Deputación e participalo a todos os Concellos.

**3º.-** Ordenar que pola Unidade de Obras e Plans (Servizo de Contratación e Fomento) se elabore o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 de acordo coas bases e as solicitudes dos Concellos.

**4º.-** Someter dito plan, unha vez elaborado, á aprobación do Pleno”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Luis Fernández Guitián e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	<b>Página</b>	4/25





Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org/pleno=20231226&punto=2>

--oo0oo--

**3.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE CORRIXA AS DEFICIENCIAS DE RECEPCIÓN DO SINAL DA TVG NA MONTAÑA LUCENSE.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia que corrixa as deficiencias de recepción do sinal da TVG na Montaña Lucense.

Os veciños e veciñas das aldeas de Coea, As Covas, Castañedo e Mosteirín, todas elas pertencentes á parroquia de Castañedo, en Navia de Suarna, veñen denunciando a deficiente cobertura de sinal de televisión da compañía TVG nos seus fogares. Isto lles impide visualizar a programación das canles autonómicas públicas - xa que logo pagadas tamén polos seus impostos - nas mesmas condicións que o resto da poboación de Galicia.

Neste Pleno temos tratado en moitas ocasións cuestións relacionadas ca desatención das políticas da Xunta cara o rural. A perda de servizos públicos como a educación ou a sanidade, a fenda tecnolóxica ca mala cobertura en telefonía móbil ou internet. Como demostran as queixas dos veciños da Montaña, para a Xunta os veciños e veciñas do rural son cidadáns de segunda que, unha vez máis, non merecen recibir os servizos públicos que contribúen pagar.

Non deixa de ser irónico que a Xunta, no seu desleixo, desatenda ata a cobertura no rural dunha das principais ferramentas de propaganda do goberno do PP. Pensamos que os veciños e veciñas da Montaña lucense teñen dereito a experimentar de

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	Página	5/25



primeira man o grao de manipulación informativa que o PP exerce sobre unha televisión pública que, sendo de todos, debería reflectir a pluralidade ideolóxica de Galicia de xeito fidedigno. E a partires desa experiencia, poder sacar as súas propias conclusións.

Porque as queixas dos traballadores e traballadoras ante a situación do ente público CRTVG, vehiculadas a través das manifestacións dos Venres Negros, doutras protestas, de preitos e reclamacións presentados en distintas instancias xudiciais, tamén teñen chegado á Montaña. E os e as lucenses do rural teñen dereito a informarse de primeira man sobre as causas dun malestar endémico que é noticia non só en Galicia senón fóra das nosas fronteiras. A CRTVG é un exemplo de televisión ó servizo do goberno e non ó servizo dos cidadáns.


Dende o compromiso ca igualdade no acceso aos servizos públicos de todos os e as lucenses, con independencia do seu lugar de residencia, queremos facer nosas as reclamacións dos veciños/as de Navia de Suarna sobre o seu dereito a recibir o sinal da TVG en condicións de calidade técnica semellantes ás que teñen o conxunto dos galegos/as. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Que adopte as medidas oportunas para garantir que os veciños/as da Montaña Lucense reciban o sinal das canles da TVG nas mesmas condicións de calidade técnica que o conxunto dos galegos/as.
- Que ó tempo que se fan eses traballos técnicos, aproveite o espírito de concordia das datas do nadal para facer un exame de conciencia que leve a reverter o carácter sectario e partidista da TVG para converter os medios públicos no exemplo de pluralidade e servizo á sociedade que é a súa verdadeira razón de ser, tal como recolle o artigo 20 da Constitución.
- Que aproveite este tempo de facer presentes para atender dunha vez aos traballadores e traballadoras do ente público as reclamacións que veñen formulando durante máis de 300 venres negros de reclamacións sobre pluralidade informativa e condicións laborais”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Luis Fernández Guitián e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	<b>Página</b>	6/25





Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=3>

**4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, RECLAMANDO Á XUNTA QUE COMPLETE OS PAGOS PENDENTES DA PAC E ADOPTE MEDIDAS DE MELLORA DA XESTIÓN DESTAS AXUDAS.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:


“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta que complete os pagos pendentes da PACE e adopte medidas de mellora da xestión destas axudas.

Como ven sendo costume dende hai anos, a xestión autonómica das axudas da PAC é unha nova ocasión de comprobar ata onde pode chegar a ineficacia e a incapacidade da Xunta de Galicia. Estamos feitos a que a Xunta non xestione o seu ou non asuma as competencias que lle son propias. No caso da PAC, o nivel da Xunta cae aínda un chanzo máis: se demostra que non está en condicións, sequera, de aproveitar o bo traballo que fai o Goberno, e de cumprir en prazo uns simples trámites administrativos.

Dito de xeito resumido, por culpa da preguiza da Xunta de Galicia, os e as gandeiras galegas tiñan percibido a 12 de decembro só 48 dos 180M€ que lles corresponden das axudas da PAC do ano 2023. E iso cando o Goberno fixera todas as xestións para acadar que a Unión Europea adiantase un 70% desa cantidade – 130M€- que os gandeiros/as poderían ter cobrado a partires do 1 de outubro se a Xunta tivese completadas as tarefas administrativas dos controles previos.

A Xunta presumía en agosto de ter exportado a outras comunidades autónomas o seu sistema informático de xestión das axudas da PAC. Se cadra, a Xunta engana á xente fóra de Galicia do mesmo xeito que engana dentro, vendendo como boa xestión os atrasos, a falla de preocupación polos gandeiros e, xa que logo, polo tecido produtivo do sector primario da provincia de Lugo.

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	Página	7/25



O Goberno do Estado negociou para que Europa adiantase unha porcentaxe das axudas do primeiro pilar da PAC superior ó previsto – o 70% en lugar do 50%. Se fixo pensando nas necesidades dos gandeiros/as, para aliviar a situación dun sector especialmente afectado polas consecuencias económicas da guerra de Ucraína. Conseguído o difícil, á Xunta lle correspondía o máis sinxelo: ter listos os trámites administrativos. Pero como os malos dianteiros, a Xunta non e quen de rematar un gol a porta baleira, e non lle preocupa a situación económica do agro galego. Aquelo da lexislatura do rural foi un slogan de tempada; non tiña contido e xa quedou no esquecemento.

Os e as socialistas de Lugo imos defender sempre o noso sector primario, do que a gandería forma unha parte fundamental, tanto polo seu impacto económico, como polo seu compoñente sociocultural e como vía de desenvolvemento do rural cara ó futuro. Por iso presentamos para a súa aprobación esta moción instando á Deputación Provincial de Lugo a que solicite á Xunta de Galicia:


- Que complete canto antes os pagos pendentes de cobro polos gandeiros/as lucenses, para que estes reciban xa a totalidade dos 180M€ que lles corresponden.
- Que adopte as medidas necesarias para mellorar a xestión administrativa e garantir que os gandeiros/as podan cobrar os anticipos completos a partires do 1 de outubro.
- Que adiante canto antes información sobre as axudas de Agroambiente e Clima correspondentes a 2023, que lle compete xestionar á Xunta e das que os gandeiros/as carecen de información a piques de rematar o ano”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Luis Fernández Guitián e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=4>

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	<b>Página</b>	8/25







**5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA DEMANDAR DA XUNTA DE GALIZA UNHA MELLOR XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS DO PEPAC PARA O PERÍODO 2023-2027**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para demandar da Xunta de Galicia unha mellor xestión dos fondos europeos do PEPAC para o período 2023-2027.

*Exposición de Motivos:*

No mes de Xullo do ano 2021, dende o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo xa amosabamos no pleno provincial a nosa fonda preocupación polos vieiros que estaban a tomar as negociacións para a aplicación da Política Agraria Común para o actual período 2023-2027.


O acordo comunitario sobre a PAC non é un acordo satisfactorio para Galiza, nin tampouco o é para as pequenas e medianas granxas de carácter familiar da Cornixa Cantábrica, do Estado Español e por extensión do resto da Unión Europea.

A reforma da PAC é timorata e non responde ao que deberían ser os obxectivos fundamentais da PAC, como asegurar un nivel de vida para as persoas agricultoras, contribuír a corrixir as desigualdades sociais e territoriais, garantir unha produción alimentaria de calidade asegurando a soberanía alimentaria e o fomento dunha agricultura respectuosa co medio ambiente.

Lonxe de tratar de atender aos 5 puntos de acordo, coa maioría de esquerdas do pleno, a abstención do grupo parlamentar do PP evidencia unha vez máis a incapacidade e incompetencia para acometer políticas de calado que axuden verdadeiramente a optimizar o reparto dos fondos europeos do PEPAC.

Improvisación e populismo preelectoral son os dous términos que mellor definen a política da Xunta de Galiza e da Consellería de Medio Rural, como a obriga para

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ</a>	Página	9/25



todas as granxas de ter designado un veterinario de explotación, dende o próximo 1 de Xaneiro, sen informar previamente ao sector.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, solicitou á Comisión Europea a posibilidade de elevar a porcentaxe máxima do cobro do anticipo da PAC ata o 70% fronte ao 50% de campañas pasadas.

A Comisión Europea autorizou aos Estados membros a realizar o devandito anticipo ante as dificultades da presente campaña. Este anticipo podía facerse efectivo entre o 16 de outubro e o 30 de novembro, data na que os organismos xa poden realizar os pagos ordinarios, quen autorizou a modificación da normativa para que se modificase.

O pago anticipado das axudas directas da PAC, para dotar de maior liquidez a agricultores e gandeiros, é solicitado semanalmente polas comunidades autónomas ao Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) en función dos pagos que teñen previsto efectuar.


Porén, Galiza situouse unha vez máis na cola do pago dos anticipos das axudas directas da PAC que as Comunidades Autónomas deberían facer efectivo antes que finalizase o pasado mes de novembro.

Os agricultores e gandeiros galegos recibiron menos do 30% dos abonos en concepto de anticipo da PAC. As únicas rexións que se aproximaron ao 70% son Castela e León e Navarra. Chegar ao pago do 70%, suporía o pago de arredor de 140 millóns de euros ás granxas galegas antes do remate do ano, situación que non se vai a producir, un ano máis.

Campaña tras campaña, a xestión que está a realizar a Xunta de Galiza evidencia unha incapacidade na organización e coordinación para dotar de medios e recursos humanos suficientes aos servizos dependentes da Consellería de Medio Rural, como as oficinas agrarias comarcais, os centros de investigación agraria ou a recente intención de recortar as titulacións vencelladas ao ámbito agrario e forestal dentro do Campus Terra, dende a secretaría de universidades galegas.

A incansable burocratización provocada pola transposición e posterior aplicación dos oito regulamentos sectoriais dunha PAC que non recolle a identidade e o carácter familiar da estrutura produtiva do noso país está servindo á Consellería de escusa para poñer o foco e descargar unicamente a responsabilidade de xestión dos fondos europeos no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ</a>	<b>Página</b>	10/25





Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Solicitar á Xunta de Galiza que destine os medios materiais e recursos humanos necesarios, para axilizar a xestión administrativa dos fondos da PAC, e evitar que todos os anos, se atrasen os pagos dos anticipos das axudas directas ás que teñen dereito os perceptores. É preciso establecer unha OPE anual para enxeñeiros agrónomos e titulados/as do grao de enxeñaría agrícola que forneza servizos clave como as oficinas Rurais ou o Servizo de Explotacións Agrarias, dependentes da Consellería de Medio Rural, o FOGGA e o Agacal.

2º.- Demandar á Xunta de Galiza que empregue o Comité de Seguimento Rexional e Autoridade de Xestión do PEPAC como organismo real de participación onde dar cabida a TODOS os axentes encargados de desenvolver as intervencións do segundo pilar do PEPAC e de definir as ordes de axudas de aplicación das políticas de desenvolvemento rural do actual período 2023-2027, como a posta en marcha dos sistemas de coñecemento e innovación agrícolas (AKIS) incluídos dentro do obxectivo transversal no Plan Estratéxico da PAC.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a que estableza un organismo ou entidade transversal que vele pola simplificación burocrática en todos os procedementos administrativos, contando no seu deseño e aplicación coas entidades xurídicas e representantes de tramitadores/as e agricultores/as e gandeiros/as e garanta que non se produzan incompatibilidades ou incongruencias na confección e execución de normativa, cando é dependente de máis dunha única Consellería, ou que defina uns criterios unificados dentro da mesma Consellería ou entre as diferentes delegacións territoriais das catro provincias galegas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Luis Fernández Guitián e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=5>

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	Página	11/25



## 6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO AO POBO PALESTINO E EN ESIXENCIA DA FIN DO SEU XENOCIDIO A MANS DO GOBERNO ISRAELÍ.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:


“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio ao pobo palestino e en esixencia da fin do seu xenocidio a mans do goberno israelí

### *Exposición de Motivos:*

Nas últimas semanas estamos a vivir unha nova escalada nun vello conflito. Palestina sofre, desde hai 75 anos, unha brutal ocupación baixo un sistema de apartheid, en que Israel incumpriu reiteradamente as resolucións da ONU. Durante estas décadas, Israel, non só impediu a existencia dun Estado palestino, senón que ocupou os seus territorios (aproximadamente o 70% do territorio palestino desde o 1948) a medio de asentamentos de colonos (declarados ilegais polo Consello de Seguridade da ONU); someteu a súa poboación a todo tipo de vexacións e maltratos; asasinou líderes políticos palestinos; encarcerou a milleiros de persoas de xeito extraxudicial; levantou un muro da vergoña; lanzou ataques con milleiros de vítimas mortais e impuxo un brutal bloqueo a Gaza.

A comunidade internacional, sen excepcións, debe condenar enérxica e categoricamente o ataque masivo que o Estado de Israel ordenou contra Gaza e o xenocidio que se está perpetrando contra o pobo palestino. Os bombardeos masivos, os cortes de subministracións básicos como a luz, a auga potábel ou alimentos e medicamentos, son elementos dunha política de asedio xenocida que agravan a xa de por si durísima situación provocada polo bloqueo de Gaza desde o ano 2007. Máis de dous millóns de persoas que xa vivían confinadas en 365 km<sup>2</sup> (unha extensión mesmo inferior á do concello de Vilalba) nunhas condicións económicas e sociais deplorábeis, agora fano nunhas condicións infrahumanas. Até este momento, segundo Nacións Unidas, van máis de 18.000 civís asasinados, dato en que se inclúe a arrepianete cifra de máis de 7.000 crianzas mortas.

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	Página	12/25





É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Esixir o embargo de armas e a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.

2º.- Esixir á Corte Penal Internacional que xulgue o presidente Netanyahu e o resto do goberno da entidade sionista polo exterminio planificado do pobo palestino.

3º.- Esixir a apertura de corredores humanitarios e o cese do fogo permanente en Gaza e Cixordania, así como dos ataques a Siria e ao Líbano.

4º.- Esixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza o envío urxente de material humanitario a Gaza.

5º.- Esixir ao Goberno español e a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado e de todos os seus dereitos”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Luis Fernández Guitián e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 3 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 22 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=6>

**7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARAS INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO PROVINCIAL A POÑER EN MARCHA NO ANO 2024 O CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL DE BECERREÁ.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	Página	13/25



vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao equipo de Goberno provincial a poñer en marcha no ano 2024 o Centro de Día e Residencial Comarcal de Becerreá.

*Exposición de Motivos:*

O goberno da Deputación de Lugo tiña anunciado dotar a Becerreá dun centro de día e residencial comarcal con 96 prazas de atención a maiores e 40 prazas de centro de día que estaría operativo antes do 2020. As obras de construción, finalmente, concluíron a finais do 2021, pero o certo é que a data de hoxe este centro continúa pechado e, polo tanto, os veciños e veciñas da comarca non dispoñen do servizo.

Durante estes últimos anos o equipo de goberno provincial non levou a cabo todos os trámites necesarios para a súa apertura; extremo polo que este Grupo se interesou en diversas ocasións.

Incluso recentemente formulou preguntas ao sr. Presidente nos plenos que celebrou a corporación provincial nos meses de outubro e novembro deste ano ante as cales o deputado delegado da área de Benestar Social, Pablo Rivera, non foi quen de dar unha resposta concreta sobre a data na que se porá en funcionamento.


E, o que é máis preocupante, o proxecto de orzamentos para a anualidade 2024, aprobado inicialmente no pasado mes de novembro polo goberno provincial non contempla especificamente as partidas orzamentarias necesarias para que este centro poida prestar o servizo de atención ás persoas maiores da comarca de Becerreá.

Os recursos consignados en xeral para a vindeira anualidade na aplicación orzamentaria correspondente aos Centros de Atención a Maiores só se incrementan nun 1% (114.565,74 €) respecto á anualidade 2023. Trátase, polo tanto, dun importe claramente insuficiente para garantir a posta en servizo de novos centros de atención a maiores.

É máis, en concreto o importe consignado para 2024 na aplicación orzamentaria correspondente a gastos correntes en bens e servizos nos CAM é un 1% inferior ao consignado no ano anterior (-50.485,06 €).

Tendo en conta, ademais, que recentemente o goberno provincial manifestaba a través dos medios de comunicación que este centro non se axusta ao modelo da Deputación de Lugo; é comprensible a incerteza xerada entre os veciños e veciñas de Becerreá e a comarca dos Ancares sobre a intención do goberno da Deputación de Lugo de abrir este centro.

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	<b>Página</b>	14/25





Tal é así que se ten constituído a Plataforma Pro Residencia de Becerreá para reivindicar a súa apertura e que, tras manter unha reunión co deputado delegado da área de Benestar Social, continúa sen saber que data baralla o goberno provincial para poñelo en funcionamento; motivo polo que teñen solicitado unha reunión co presidente da institución provincial, José Tomé.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de Goberno Provincial a comprometerse a levar a cabo de xeito inmediato todos os trámites necesarios que garantan a posta en funcionamento do centro de día e residencial comarcal de Becerreá no vindeiro ano 2024, entre os que se atopan:

- as modificacións orzamentarias necesarias,
- os trámites administrativos, permisos e autorizacións oportunas,
- a contratación da subministración do mobiliario e do equipamento para as zonas comúns, habitacións, cociña, lavandaría e oficinas,
- as contratacións e tramitacións precisas para a prestación do servizo de atención ás persoas maiores.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as Deputados/as D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto, don Francisco Cajoto Caserío, e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros/as do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=7>

**8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO CENTRAL QUE ACOMETA AS OBRAS DA A-74.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ</a>	Página	15/25



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno Central que acometa as obras da A-74

#### *Exposición de Motivos:*


A historia da parálise das obras da autovía da Mariña lucense, a A-74, discorre de xeito paralelo á historia da parálise xeral das obras de construción e actuacións de mellora e conservación das infraestruturas de competencia estatal na provincia de Lugo dende a chegada de Pedro Sánchez e os seus socios ao Goberno de España.

A autovía da Mariña é unha actuación estratéxica para Galicia porque supón a mellora das comunicacións na comarca constituíndo a alternativa á N-642 para o tráfico de longo percorrido e tamén a mellora da súa conexión co resto da provincia e as comunidades autónomas do norte de España a través da A-8. Co proxecto desta infraestrutura pretendíase dar servizo a unha das maiores zonas produtoras de madeira, portos pesqueiros de referencia, un porto de interese xeral do Estado e unha planta produtora de alúmina e aluminio.

Igual que sucede con outras infraestruturas fundamentais para o desenvolvemento da provincia, os lucenses sufrimos a falta de compromiso orzamentario coa A-74 por parte do Goberno que preside Pedro Sánchez. Mentres que o Goberno do Partido Popular tiña orzamentado 3,6 millóns de euros para o 2018 e prevía investimentos para as seguintes anualidades, coa chegada de Pedro Sánchez á Moncloa as partidas reducíronse de forma drástica. De feito, para o 2023 os Presupostos Xerais do Estado só consignaban 500.000 euros para a A-74 e, o que é peor, a pesar de ser unha partida ínfima, o Executivo central non fixo nada sequera por investila. O resultado: non existe nin un só quilómetro executado tras 5 anos de Goberno de Pedro Sánchez.

O Goberno de Pedro Sánchez mantén practicamente illada á provincia de Lugo en materia de infraestruturas. No ámbito ferroviario, a electrificación da liña entre Lugo e Monforte sen contemplar as variantes condena a Lugo a quedar sen alta velocidade, tamén queda fóra do Corredor Atlántico de Mercancías e a liña de FEVE na Mariña está practicamente desmantelada. E en infraestruturas viarias, o Goberno do Estado non ten moito do que presumir á vista do mal estado de moitas vías da súa titularidade, a A-6 desviada pola N-VI ao seu paso por Pedrafita tralo derrubamento dos viadutos do Castro, a autovía A-54 sen rematar e o resto de autovías paralizadas

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	<b>Página</b>	16/25







(A-56, A-76 e a propia A-74) e a N-642 cun socavón aberto dende fai 11 meses e que continúa en obras sen data prevista para o restablecemento da normalidade do tráfico.

Precisamente este socavón que obrigou a cortar varios días o tráfico na zona da Areoura (Foz) a escasos metros da entrada a Burela a finais do pasado mes de xaneiro afectando á vida diaria dos veciños e veciñas da Mariña, evidenciou a necesidade da A-74 como vía alternativa.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a:

- Reactivar de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da A-74.
- Presentar un cronograma con prazos e investimentos concretos, que fixe unha data para a conclusión desta infraestrutura.
- Converter a construción da A-74 nunha prioridade do Goberno do Estado, como un paso dos moitos que o PSOE ten que dar para saldar a débeda que ten contraída con Lugo e coa Mariña, no eido das obras públicas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as Deputados/as D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto, don Francisco Cajoto Caserío, e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros/as do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG, preséntanse as emendas que se transcriben a continuación:

*Emenda de Engádegas do Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:*

“Instar ao Goberno da Xunta de Galiza a:

- 1.- Que reactive de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da VAP Costa Norte.
- 2.- Presentar una folla de ruta con prazos e investimentos concretos para a VAP Costa Norte e que fixe unha data para a conclusión da mesma.

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	Página	17/25



3.- Converter a construción da VAP Costa Norte nunha prioridade do Goberno da Xunta de Galiza como un paso de moitos que o Partido Popular ten que dar para saldar a débeda contraída con Lugo e coa Mariña no eido das obras públicas.

4.- Que o Goberno da Xunta de Galiza consensúe co Goberno do Estado e actúen conxuntamente establecendo cronogramas para a axilización destas dúas infraestruturas, vitais para a Mariña: a A-74 Barreiros-San Cibrao e a VAP Costa Norte San Cibrao-Ferrol”.

*Emenda de Engádega do Grupo Provincial Socialista, do seguinte teor:*

“Substituir a proposta de acordo pola seguinte, quedando redactada do seguinte xeito:

*Proposta de acordo:*

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a:


- Reactivar de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da A-74.
- Presentar un cronograma con prazos e investimentos concretos, que fixe unha data para a conclusión desta infraestrutura.
- Converter a construción da A-74 nunha prioridade do Goberno do Estado, como un paso dos moitos que o PSOE ten que dar para saldar a débeda que ten contraída con Lugo e coa Mariña, no eido das obras públicas.

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a:

- Reactivar de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da Vía de Altas Capacidades (VAC) Costa Norte entre Cervo e Ferrol, comezando pola variante de Viveiro por ser a máis urxente e necesaria.
- Presentar un cronograma con prazos e investimentos concretos que fixe unha data para a conclusión desta infraestrutura.
- Converter a construción da VAC Costa Norte nunha prioridade do Goberno da Xunta de Galicia, como un paso dos moitos que o Partido Popular ten que dar para saldar a débeda que ten contraída con Lugo e coa Mariña no eido das obras públicas”.

O Grupo Provincial do Partido Popular acepta ámbalas dúas enmendas, tanto a presentada polo Grupo Provincial Socialista como a presentada polo Grupo Provincial do BNG, e unha vez incorporadas á moción, a súa parte dispositiva queda do seguinte xeito:

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	<b>Página</b>	18/25





O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a:

- Reactivar de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da A-74.
- Presentar un cronograma con prazos e investimentos concretos, que fixe unha data para a conclusión desta infraestrutura.
- Converter a construción da A-74 nunha prioridade do Goberno do Estado, como un paso dos moitos que o PSOE ten que dar para saldar a débeda que ten contraída con Lugo e coa Mariña, no eido das obras públicas.

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a:

- Reactivar de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da Vía de Altas Capacidades (VAC) Costa Norte entre Cervo e Ferrol, comezando pola variante de Viveiro por ser a máis urxente e necesaria.
- Presentar un cronograma con prazos e investimentos concretos que fixe unha data para a conclusión desta infraestrutura.
- Converter a construción da VAC Costa Norte nunha prioridade do Goberno da Xunta de Galicia, como un paso dos moitos que o Partido Popular ten que dar para saldar a débeda que ten contraída con Lugo e coa Mariña no eido das obras públicas”.
- Que reactive de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da VAP Costa Norte.
- Presentar una folia de ruta con prazos e investimentos concretos para a VAP Costa Norte e que fixe unha data para a conclusión da mesma.
- Que o Goberno da Xunta de Galicia consensúe co Goberno do Estado e actúen conxuntamente establecendo cronogramas para a axilización destas dúas infraestruturas, vitais para a Mariña: a A-74 Barreiros-San Cibrao e a VAP Costa Norte San Cibrao-Ferrol”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada, unha vez incorporadas as emendas aceptadas polo Grupo proponente da mesma.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=8>

**PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

**9.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS, ANO 2023, POLO CONCELLO DE TABOADA.**

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	<b>Página</b>	19/25



Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2023, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “.. *Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan único, motivadamente, poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria...*” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 17/11/2023 en relación cos escritos presentados pola Alcaldía do Concello de Taboada solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=9>

#### **10.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AUDITORÍA PÚBLICA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POLA INTERVENCIÓN XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de auditoría pública de contas anuais emitido pola Intervención Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=10>

#### **11.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta de novembro de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4881 ao 5438. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=11>

#### **12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=12>

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ</a>	<b>Página</b>	20/25





## ASUNTOS DE URXENCIA

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que se van someter á consideración do Pleno dous asuntos de urxencia, un deles refírese ás reclamacións do Orzamento Xeral de 2024, e aprobación definitiva; e o segundo a unha moción presentada polo Grupo Provincial Popular en relación coa multinacional Alcoa; polo que se procederá en primeiro lugar á xustificación e votación da declaración de urxencia dos mesmos.

**PRIMEIRO.- Reclamacións administrativas ao Orzamento Xeral de 2024, e aprobación definitiva.**

Logo de ver a proposta que textualmente di o seguinte:

“O proxecto de Orzamento Xeral 2024 da Excm. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente en sesión ordinaria o pasado 28 de novembro, e exposto ao público segundo anuncio no BOP nº 274, do 29 de novembro, por espazo de 15 días hábiles.

Presentáronse en prazo a través do Rexistro Electrónico do Concello de Becerreá, no Rexistro Xeral de entrada, as seguintes alegacións:

1. O 18.12.2023 co número 2023RPE024190 de rexistro, por Manuel Martínez Núñez, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá.
2. O 19.12.2023 co número 2023RPE024269 de rexistro, por María Lourdes Fernández Arias, en representación da Plataforma pro Residencia de Becerreá.

Xustifícase a urxencia do tratamento polo Pleno ordinario de decembro do asunto relativo á resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva do Orzamento provincial, considerando a importancia do documento orzamentario como soporte económico da acción da Deputación Provincial de Lugo, e correcto funcionamento dos servizos públicos, garantindo o cumprimento do mandato legal previsto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, respecto da entrada en vigor con data de 1 de xaneiro.

Á vista dos escritos presentados e do Informe de Intervención, ponse de manifesto a procedencia de desestimar as reclamacións presentadas ao Orzamento Xeral 2024, polo que en base a dito informe propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Desestimar a reclamación presentada por Manuel Martínez Núñez, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá.

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMJ</a>	Página	21/25



2º.- Desestimar a reclamación presentada por María Lourdes Fernández Arias, en representación da Plataforma pro Residencia de Becerreá.

3º.- Aprobar definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2024, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente.

4.- Dar conta na vindeira sesión das Comisións Informativas ás que lles corresponde o coñecemento deste asunto”.

En primeiro lugar efectúase a votación da declaración de urxencia da proposta, que é aprobada por unanimidade.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e polo tanto aprobado o Orzamento Xeral de 2024.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=13>

## **SEGUNDO.- Moción do Grupo Provincial do Partido Popular, en apoio ao emprego e a continuación da produción de aluminio na Mariña.**

Logo de ver a moción a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:


“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de urxencia do Grupo Provincial Popular en apoio ao emprego e a continuidade da produción de aluminio na Mariña.

### *Xustificación da urxencia*

Alcoa comprometérase, segundo se recolle no acordo asinado pola compañía, representantes dos traballadores da factoría e os Gobernos de España e de Galicia en decembro do 2021 e renegociado en febreiro do 2023, a realizar diversos investimentos na planta da Mariña; ademais de comezar en xaneiro de 2024 o reinicio das cubas de electrólise para a produción de aluminio primario.

A multinacional anunciaba recentemente e a poucas semanas da data establecida para a reactivación das cubas, o aprazamento temporal do principal investimento -o forno

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	Página	22/25





de cocción de ánodos-. E a isto hai que sumar a recente comunicación por parte de Red Eléctrica de que cinco parques eólicos dos que a tramitación depende do Estado perderon o permiso de acceso e conexión.

Tendo en conta a importancia da actividade desta factoría para a economía da comarca e, por extensión, da provincia; urxe trasladar unha postura unánime dende a institución provincial en sinal de apoio aos traballadores e o mantemento da produción de aluminio primario na comarca.

*Exposición de Motivos*

Os traballadores da planta de Alcoa na Mariña cumpriron coa súa parte do acordo asinado entre a compañía, o comité de empresa, o Goberno de España e a Xunta de Galicia en decembro do 2021 e renegociado en febreiro do 2023. Entre os compromisos que adquiría a empresa atópanse os investimentos necesarios para garantir a viabilidade futura da planta; ademais do inicio do rearranque das cubas de electrólise en xaneiro do 2024. Pero, a compañía anunciaba recentemente o aprazamento temporal do investimento para un forno de cocción de ánodos.

Esta factoría xera 1.100 empregos directos -entre a planta de aluminio e a de alúmina- e preto de 800 nas empresas auxiliares; aos que hai que engadir os postos de traballo indirectos que xera na comarca. A actividade das dúas plantas supón o 30% do PIB da provincia de Lugo, o que a converte nun dos principais motores económicos da provincia. Ademais, esta é a única fábrica que, ata a parada das cubas de electrólise en xaneiro do 2022, mantiña a produción de aluminio primario en España.

Nesa liña, consideramos conveniente que esta institución traslade o seu apoio aos traballadores, deixe constancia da súa vontade de colaboración e convide ao resto de administracións a cooperar co obxectivo de favorecer a actividade na planta da Mariña e o mantemento do emprego con todos os mecanismos ao seu alcance para contribuír a garantir un marco enerxético estable e predicible das empresas electrointensivas que favoreza a competitividade da planta e, polo tanto, a xeración de emprego e riqueza na comarca e na provincia.

Convén que tanto a Xunta de Galicia coma o Goberno de España axilicen os trámites e autorizacións para a construción dos parques eólicos vencellados ao abastecemento eléctrico da factoría mariñá a través da sinatura de contratos a longo prazo (PPAs). Nese sentido, urxe resolver a situación de cinco parques eólicos cuxa tramitación depende do Estado (Monzón, Borrasca, Ventisca, Boura y Levante) que perderon o permiso de acceso e conexión, tal e como comunicaba recentemente Red Eléctrica. Isto supón a perda dunha oportunidade para subministrar enerxía á planta un prezo competitivo e contribuír á súa viabilidade.

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	Fecha y Hora	10/01/2024 14:12:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	Página	23/25



Así mesmo, o Goberno de España debe modificar o Estatuto dos consumidores electrointensivos para que a industria electrointensiva española compita en igualdade de condicións con respecto ao resto de industrias europeas e, polo tanto, contribúa a evitar a deslocalización; incrementa a dotación orzamentaria ata a máxima permitida pola normativa europea para a compensación dos custos indirectos por CO2 da industria electrointensiva e active canto antes mecanismos de interrumpibilidade efectivos para reducir o prezo eléctrico da industria electrointensiva.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial:

1. Traslada o seu apoio unánime aos traballadores directos e indirectos da planta de Alcoa na Mariña e amosa a súa solidariedade coas familias afectadas pola situación de incerteza.

2. Pide á empresa Alcoa o cumprimento dos compromisos acordados co fin de garantir os investimentos que aseguren a competitividade da planta e o mantemento da planta na Mariña lucense.


3. Solicita ás distintas administracións colaboración, dentro das súas competencias, para recuperar a actividade na factoría e continuar a producir aluminio na comarca. Concretamente:

3.1.- Que a Xunta de Galicia e o Goberno de España axilicen os trámites e autorizacións para a construción dos parques eólicos vencellados á produción de enerxía para abastecer a factoría mariñá, unha vez asinados contratos de subministro eléctrico a longo prazo (PPAs). E que o Goberno resolva a situación dos cinco parques que dependen do Estado e que perderon o permiso de acceso e conexión a Red Eléctrica.

3.2.- Que o Goberno do Estado aprobe un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible; modifique o Estatuto dos consumidores electrointensivos para que a industria electrointensiva española compita en igualdade de condicións con respecto ao resto de industrias europeas; incrementa a dotación orzamentaria máxima permitida pola normativa europea para a compensación dos custos indirectos por CO2 da industria electrointensiva e active canto antes mecanismos de interrumpibilidade efectivos para reducir o prezo eléctrico da industria electrointensiva”.

A continuación procédese á votación da declaración de urxencia da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMQ</a>	<b>Página</b>	24/25







maioría a declaración de urxencia da moción, polo que non procede o seu debate e votación.

Neste momento unha parte do público asistente ó pleno comeza a realizar manifestacións e increpar ao equipo de goberno, polo que o Presidente indícalles que non están autorizados a intervir no Pleno, e responsabiliza ó Voceiro do Grupo Popular de ter provocado a situación. O Sr. Ameijide pide a palabra por alusións e o señor Presidente dille que non procede, insistindo o Sr. Ameijide e reiterándolle o Sr. Presidente que non está no uso da palabra; como continúa insistindo o Sr. Presidente chámalo á orde por primeira vez.

Como o Sr. Ameijide segue intervindo sen ter o uso da palabra o Sr. Presidente chámalo á orde por segunda vez. Pese a elo o Sr. Ameijide continúa coa súa intervención, polo que o Sr. Presidente, téndolle chamado á orde por dúas veces consecutivas, chámalo á orde por terceira vez.

A continuación seguen a producirse enfrontamentos dialécticos entre o Voceiro do Grupo Popular e o Presidente, así como distintas manifestacións do público asistente.

Rematando todo elo coa expulsión do Pleno do público asistente e tamén do Voceiro do Grupo Popular, segundo se recolle no audio que a continuación se inclúe.

Seguidamente abandonan o Salón de Plenos o señor Deputado D. Antonio Ameijide, e tamén os señores Deputados do Grupo Provincial Popular, así como o público asistente.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=14>

**13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Tendo en conta que os señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular non se encontran no Salón de Pleno, o Presidente manifesta que non procede tratar os Rogos e Preguntas que foron presentados polo dito Grupo Provincial do Partido Popular.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231226&punto=15>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

	IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2024 14:12:32
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W5T25NJPNTX636VQVK5ZHMZ</a>	<b>Página</b>	25/25

